

AXUDAS MÁSCARA PARA O ALUMNADO.

Na Orde do 21 de outubro de 2021, pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado en centros docentes públicos, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

ALUMNADO DESTINATARIO

- Alumnado beneficiario da axuda para adquirir material escolar
- Alumnado non beneficiario da axuda para adquirir material escolar por diferentes circunstancias, pero
 1. Pertenza a familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.
 2. Estea matriculado en educación especial, ou suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia ou teña unha discapacidade igual ou superior ao 65 %, con independencia da renda da unidade familiar

ENTREGA DE SOLICITUDES

O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. **15 AO 26 DE NOVEMBRO DE 2021**

As solicitudes deberán presentarse presencialmente no instituto e débese presentar:

1. Anexo I.
2. Anexo II. Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar.
3.
 - Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do menor. Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
 - Certificado ou volante de convivencia. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia. Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado na orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia no cal deberán figurar o alumno ou alumna e todos os familiares que convivan co mesmo, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.
 - Certificado do grao de discapacidade do alumno ou alumna ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica. Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar. Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.

A solicitude será única para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2021/22; se están admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros

Non terá que presentar solicitude o alumnado que fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar no curso 2021/22. Tampouco será necesario achegar os documentos que xa presentase a persoa interesada xunto á solicitude de material escolar do curso 2021/22.

Os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica en 31 de decembro de 2019, agás no caso de violencia de xénero.

MÁIS INFORMACIÓN:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/35621>